

A CONSELLERÍA

MEDIO AMBIENTE E SOSTIBILIDADE

MOBILIDADE

INFRAESTRUTURAS

TERRITORIO E URBANISMO

VIVENDA

Presentación [Sala de comunicación](#) [Administración electrónica](#) [Organización](#) [Participación cidadá](#) [Transparencia](#)Vostede está en: [Portada](#) > [Temas](#) > [A Consellería](#)[Escouitar](#) | [Enviar](#) | [Imprimir](#) | [Compartir](#)**Sala de comunicación**

Novas

Videos

Imaxes

Sons

***A Xunta celebrará o Día Mundial dos Humidais con diversas actividades dirixidas aos alumnos galegos co fin de conciencialos da importancia e necesidade de conservación dos mesmos***

Os humidais son extensións de marismas, pantanos ou superficies cubertas de auga, de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces ou salgadas, cuxa profundidade non exceda de seis metros

A comunidade galega contempla 1.131 humidais (70.673,3 ha) repartidos de forma maioritaria entre os sectores litorais, as depresións sedimentarias interiores e as áreas de montaña sublitorais e centrais

Galicia conta cos seguintes humidais protexidos, declarados ademais como Sitio Ramsar que suman 7.698 ha: Ría de Ribadeo, Ría de Ortigueira -Ladrado, Lagoa e areal de Valdoviño, Complexo de Corrubedo e Complexo Intermareal Umia - O Grove

**Santiago, 31 de xaneiro de 2014.-** A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, organizou unha serie de actividades dirixidas especialmente aos escolares galegos para conmemorar o Día Mundial dos Humidais, que se celebra o vindeiro luns, 2 de febreiro.

A cita de 2015 leva por lema Humidais para o noso futuro e céntrase en concienciar á sociedade en que o futuro da humanidade depende dos humidais. Son os grandes reservorios da auga doce, depuran e recargan os nosos acuíferos, proporcionan peixe e cultivos que alimentan a millóns de persoas. A importancia destes enclaves naturais tamén reside no feito de que funcionan como un escudo natural que protexe as costas, actúan como unha esponxa natural contra inundacións e secas e contribúen a protexernos fronte o cambio climático.

Sen embargo, estes beneficios, lamentablemente, non son coñecidos por unha grande cantidade de persoas e os humidais a miúdo se consideran como terreos baldíos, polo que o 64 % deles desapareceron desde 1900.

**Programa de actividades**

Cada 2 de febreiro desde 1971 celébrase o Día Mundial dos Humidais en conmemoración á data na que se asinou o convenio sobre os humidais, nas ribeiras do Mar Caspio, na cidade iraní de Ramsar. O obxectivo da mesma é que organismos oficiais, organizacións non gobernamentais e os mesmos cidadáns, se unan para protexer os humidais de todo o mundo e se recoñeza o seu valor e importancia.

Para dar a coñecer a importancia dos mesmos, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza preparou unha serie de actividades nos diferentes parques naturais e lagoas de Galicia para incidir na importancia dos mesmos.

Así, no Parque natural Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán celebrárase unha charla para alumnos de primaria do CEIP A Milagrosa-Ribeira, no que se lles explicarán conceptos básicos sobre os humidais e o Convenio Ramsar, así como unha explicación sobre por que este parque representa un exemplo excepcional de humidal costeiro da rexión atlántica, principalmente no que se refire ás marismas e lagoas costeiras de augas salobres e doces, as praias e sistemas dunares.

Unha actividade similar tamén se desenvolverá na Lagoa e areal de Valdoviño con 50 alumnos de primaria do CEIP Atios- Valdoviño, que tamén están invitados a participar nun itinerario guiado polo humidal para a observación deste e da súa avifauna.

Outro dos escenarios desta conmemoración será o CEIP Virxe do Corpiño do Concello en Begonte, onde se desenvolverá unha unidade didáctica sobre os valores e a importancia de conservar os humidais galegos. Trátase dunha actividade dentro do proxecto LIFE+ Tremedal organizada pola USC.

Asemade, tamén se invitou a un grupo de escolares a participar nos actos que se organizarán na provincia de Ourense, concretamente no Concello de Sandiás. O punto de encontro será a caseta de información nas Areeiras da Limia, da que partirá unha marcha guiada, con paradas nos distintos puntos de observación das aves.

O Centro de Visitantes das Illas Atlánticas de Galicia, o Edificio Cambón, promove unha exposición divulgativa con paneis interactivos das zonas húmidas de Galicia que se poderá visitar de balde ata o 8 de febreiro. Por último, no Centro de Interpretación da Natureza da Siradella, no Concello do Grove, realizarase unha xornada de portas abertas na que se poderán visualizar vídeos sobre as aves que habitan na Zona de Especial Conservación (ZEC) do Complexo Intermareal Umia-O



**Mapa dos humidais de Galicia**

Buscar

[Buscador avanzado](#)**Departamentos relacionados****Gabinete de comunicación**Correo-e: [cmati.prensa@xunta.es](mailto:cmati.prensa@xunta.es)**Estrutura organizativa**

Secretaría Xeral Técnica

SX de Ordenación do Territorio e Urbanismo

SX de Calidade e Avaliación Ambiental

Axencia Galega de Infraestruturas

DX de Mobilidade

Instituto de Estudos do Territorio

Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Augas de Galicia

Instituto Galego de Vivenda e Solo

Xurado de Expropiación de Galicia

DX de Conservación da Natureza

Grove en horario de 10:00 a 14:00 horas.

### Humidais en Galicia

Os humidais son as extensións de marismas, pantanos e turbeiras ou superficies cubertas de augas, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade en marea baixa non exceda de seis metros.

Galicia contempla 1.131 humidais (70.673,3 ha) repartidos de forma maioritaria entre os sectores litorais, as depresións sedimentarias interiores e as áreas de montaña sublitorais e centrais. O resto do territorio galego e en concreto as áreas montañosas orientais e meridionais presentan unha menor proporción de ecosistemas húmidos, os cales adoitan estar confinados en áreas con características morfolóxicas favorables ao mantemento das achegas hídricas estacionais.

Galicia conta cos seguintes humidais protexidos, declarados ademais como Sitio RAMSAR que suman un total de 7.698 ha: Ría de Ribadeo, Ría de Ortigueira -Ladrido, Lagoa e areal de Valdoviño, Complexo de Corrubedo e Complexo intermareal Umia - O Grove.

A nivel provincial destaca Lugo, tanto polo número de humidais inventariados (341; 30%) como pola superficie (30.705,8 ha; 60,6%). Na provincia da Coruña o número de humidais inventariados (336; 29,7%) é bastante similar ao rexistrado en Lugo, sendo con todo menor a superficie ocupada por estes ecosistemas (22.215,2 ha; 46,8%). Pontevedra e Ourense albergan un menor número de zonas húmidas, 236 (8.088,7 ha) e 218 (9.663,6 ha) respectivamente.

[Volver](#)

### TEMAS

[A Consellería](#)  
[Medio ambiente e sostiabilidade](#)  
[Mobilidade](#)  
[Infraestruturas](#)  
[Territorio e urbanismo](#)  
[Vivenda](#)

### COLECTIVOS

[Cidadáns](#)  
[Mozos/as](#)  
[Pais e nais](#)  
[Investigadores](#)  
[Expropiados/as](#)  
[Outras administracións](#)  
[Empresas](#)  
[Asociacións](#)  
[Xestores de residuos](#)  
[Instalacións industriais](#)  
[Administracións locais](#)  
[Contratistas](#)  
[Profesionais do transporte](#)  
[Profesionais da construción](#)  
[Comunidade educativa](#)




### ORGANIZACIÓN

[Secretaría Xeral Técnica](#)  
[SX de Ordenación do Territorio e Urbanismo](#)  
[SX de Calidade e Avaliación Ambiental](#)  
[Axencia Galega de Infraestruturas](#)  
[DX de Mobilidade](#)  
[Instituto de Estudos do Territorio](#)  
[Axencia de Protección da Legalidade Urbanística](#)  
[Augas de Galicia](#)  
[Instituto Galego de Vivenda e Solo](#)  
[Xurado de Expropiación de Galicia](#)  
[DX de Conservación da Natureza](#)

### RECURSOS

[Avisos](#)  
[Axudas e subvencións](#)  
[Convenios](#)  
[Directorio](#)  
[Indicadores](#)  
[Información xeográfica](#)  
[Normativa](#)  
[Plans e programas](#)  
[Procedementos](#)  
[Publicacións](#)

### OUTROS PORTAIS

[Climántica](#)   
[Calidade do aire](#)   
[Calidade dos solos](#)   
[Sistema de Información Ambiental \(SIAM\)](#)  
[Sistema de Información de Resíduos \(SIRGA\)](#)  
[Transporte Público Metropolitano de Galicia](#)  
[Cambio Climático](#)  
[MeteoGalicia](#)   
[Instituto Galego de Vivenda e Solo](#)   
[Axencia da Protección da Legalidade Urbanística](#)   
[Augas de Galicia](#) 



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia  
 Suxestións | Aviso legal | Atendémolo/a

